



CENTRO DE ESTUDOS COOPERATIVOS DE GALICIA (CECOOP). MEMORIA DE ACTIVIDADES DO 2021:

A presente memoria ten por obxecto dar cumprimento ao establecido na cláusula quinta do Convenio de Colaboración asinado o 24 de xuño de 2021 entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actividades do Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP) durante o ano 2021.

Respecto a estrutura do CECOOP continúa sendo un Centro de investigación propio da Universidade de Santiago de Compostela que ten a finalidade, entre outras, de promover e desenvolver o coñecemento, a investigación e a difusión das materias vencelladas co cooperativismo e coa Economía Social, establecendo vínculos con outras organizacións e entidades que teñan fins e obxectivos converxentes cos do CECOOP de ámbito galego, nacional e internacional.

Consonte cos seus obxectivos, o CECOOP ten levado ao longo do ano 2021 un conxunto de actividades, esencialmente coincidentes coas especificadas no expoñendo terceiro do CONVENIO, que a efectos da súa sistematización agrúpanse tradicionalmente en tres bloques: actividades de carácter científico e de investigación, actividades de índole eminentemente docente, e actividades de colaboración e de relacións con outras entidades directamente implicadas co cooperativismo e coa economía social.

As actividades previstas na cláusula segunda do CONVENIO asinado, foron realizadas ao largo do curso académico. Dende un punto de vista práctico, intentouse que as actividades programadas se adaptaran o máxime posible as dispoñibilidades de espazos, orzamentos e finalidades do CECOOP.

Na cláusula segunda do referido CONVENIO indicase: “O Centro de Estudos Cooperativos, para o cumprimento dos seus fins propios, cooperará coa Secretaría Xeral de Emprego nos temas de interese conxunto orientados á promoción e fomento da economía social en Galicia. En particular, levará a cabo durante o ano 2021 as seguintes actividades:

a) Promoción da investigación en materia de economía social

1. *Participación activa en sesións de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional, do Observatorio Iberoamericano del Empleo e da RED ENUIES.*

2. *Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores, así como na publicación dos resultados das súas investigacións e a presentación destas en congresos científicos..*
3. *Fomento da participación de estudantes universitarios en traballos de investigación ou estudos especializados.*
4. *Elaboración e mantemento dun repositorio de traballos de investigación publicados ou en curso.*
5. *Posta en marcha dun repositorio de investigadores galegos en materia de Economía Social.*
6. *Elaboración dun informe sobre a Economía Social en Galicia, cos datos de 2020, continuando co elaborado para o ano 2019.*

b) Realización de actividades de formación, difusión e divulgación

7. *Organización de actividades na Universidade de Santiago de Compostela dentro da “II Semana Universitaria de Economía Social” na semana do 04-12 de marzo, organizada polos Centros e Institutos de Investigación adheridos a RED ENUIES. Así mesmo, fomentárase a participación de profesores das outras universidades galegas*
8. *Participación, en coordinación co CIRIEC, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e outras entidades, na organización de seminarios, xornadas e outras actividades.*
9. *Colaboración no deseño de actividades estatísticas en materia de Economía Social.*
10. *Impulso e coordinación de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.*

c) Promoción do coñecemento xurídico e actualización normativa

11. *Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que se actualizará cunha periodicidade mínima bimensual.*
12. *Mantemento dun sistema permanente de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas así como os principais países europeos de referencia, acerca das novidades normativas, acerca das novidades normativas, con análise dos aspectos que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.*

d) Dotación material

13. *Adquisición de bibliografía especializada.*

14. *Mantemento e actualización da web da CECOOP e a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos fins do CECOOP.*

Así mesmo, determinábase na cláusula terceira que “A Consellería de Economía, Emprego e Industria comprométese a prestarlle ao CECOOP a colaboración necesaria para o desenvolvemento das actuacións”, e na cuarta que “A Consellería de Economía, Emprego e Industria contribuirá o financiamento das actividades que realice o CECOOP durante o ano 2021, aínda que sexan anteriores á sinatura do convenio, coa cantidade de DEZAOITO MIL OITOCENTOS EUROS (18.800 €), con cargo á partida orzamentaria 11.04.324C.444.1 da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2021.”

Estas actividades foron cumprimentados do xeito seguinte:

a) Promoción da investigación en materia de economía social

1.- Participación activa en sesión de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional, do Observatorio Iberoamericano del Empleo e da RED UNIES

Asistencia ás reunións que foron convocadas para establecer as liñas de actuación do CIRIEC, en canto o CECOOP forma parte da Comisión Executiva e do Consello de Dirección de CIRIEC España, así como dos Consellos das revistas académicas: “CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa” e “CIRIEC-España, Revista Jurídica de Economía Social y Cooperativa”. Este ano houbo reunións presenciais, e virtuais, dadas as restricións de mobilidade. Así mesmo, asistimos as reunións convocadas polo Observatorio Iberoamericano del Empleo.

Participación do CECOOP nas actividades de coordinación da RED ENUIES (“Red Española Interuniversitaria de Centros e Institutos de Investigación en Economía Social”) a través de colaboracións e de difusión de actividades, pois en canto membro fundador e directivo da mesma, trata de lograr a mellora da difusión da labor científica desenrolada polos institutos e centros de investigación en economía social, así como facilitar a intercooperación entre os mesmos, aproveitando as posibilidades das novas tecnoloxías da información no marco dos programas xerais de promoción á investigación.

2.- Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores, así como na publicación dos resultados das súas investigacións e a presentación destas en congresos científicos.

2.1. Participación de investigadores do CECOOP en Congresos:

VIII Congreso Internacional de CIRIEC celebrado en Costa Rica do 8 ao 10 de setembro de 2021 e organizado pola Universidade Estatal a Distancia (UNED) e o CIRIEC- Costa Rica. A directora do CECOOP, Maite Cancelo, formou parte do Consello Científico do Congreso. No mesmo, as profesoras Maite Cancelo, Emilia Vázquez e Rosario Díaz presentaron o traballo: "Impacto da crisis do Covid-19 nas cooperativas e as sociedades laborais en España: 2ºT do 2020".

<https://ciriec.uned.ac.cr/es/congreso-2021>

A participación foi referenciada no Boletín do Observatorio Español da Economía Social de CIRIEC-España:

<http://www.observatorioeconomiasocial.es/actualidad-observatorio.php?id=4915&PHPSESSID=97a6f5c0bcbbd03f213d3dece767722f>

Participación no: "8th EMES International Research Conference on Social Enterprise". Celebrado do 4 ao 8 de outubro de 2021 na Universidade de Zaragoza- Campus de Teruel. Neste congreso a directora do CECOOP formou parte do Comité Científico e a investigadora Ana Olveira do Comité Organizador.

<https://emes.net/events/conferences/8th-emes-international-research-conference-on-social-enterprise/8emesconf-conference-committees/>

No congreso internacional "Las cooperativas como instrumento de política de emprego ante los nuevos retos del mundo del trabajo" organizado pola Facultade de Dereito da Universidade de Deusto, e celebrado o 7 de outubro de 2021, a secretaria do CECOOP, Alicia Villalba, presentou o traballo: "El teletrabajo como catalizador de la consecución de los objetivos de desarrollo sostenible en las cooperativas de trabajo asociado".

Entidade colaboradora na organización do "Congreso Latinoamericano Inteligencia Artificial y Economía Digital: desafíos jurídicos y económicos". Organizado pola Universidade de Santiago de Compostela e celebrado do 13 ao 15 de outubro de 2021. Neste congreso, a secretaria do CECOOP, Alicia Villalba Sánchez presentou o traballo: "El papel de las cooperativas de trabajo asociado en el seno de la economía de plataformas"

3.3.- Publicación de monografías:

Publicación do Informe sobre a Economía Social en Galicia 2020. Coordinado por Maite Cancelo e Manuel Botana.

Capítulo de libro de Alicia Villalba Sánchez: "'Economía colaborativa, trabajo y cooperativismo de plataformas: la incidencia del punto de encuentro en la calificación del vínculo jurídico del prestador de servicios", en AAVV: *Digitalización, inteligencia artificial y economía circular*, Thomson Reuters (Cizur Menor, 2021) ISBN 9788413456843, págs. 141-171.

Capítulo de libro de María Bastida, A. Vaquero y M. A. Vázquez Taín: "El papel de la economía social para el impulso y dinamización económica: el caso de Galicia". En: Hernández Castro, G.; Baisotti, P. T y Bonilla, Federico Li (Eds): *Economía Social Solidaria y la COVID-19. Propuestas para una salida global*. Editorial Universidad Estatal a Distancia San José, Costa Rica.

3.4. Publicación de artigos científicos.

Bastida, M.; Vaquero, A. y Vázquez Taín, M. "Social economy, sustainable entrepreneurship and regional policy drivers". *Territory, Politics, Governance*, 2021

Bastida, M.; Vaquero, A., Pinto, L.H, e Oliveira, A. "Motivational drivers to choose worker cooperatives as an entrepreneurial alternative: evidence from Spain". *Small Business Economics*. <https://link.springer.com/article/10.1007/s11187-021-00459-8>

Bastida, M.; Vaquero, A. y Vázquez Taín. "A New Life for Forest Resources: The Commons as a Driver for Economic Sustainable Development—A Case Study from Galicia". *Land*, 10 (99). <https://www.mdpi.com/2073-445X/10/2/99>

Villalba Sánchez, A., "Las cooperativas de trabajo asociado en la economía de plataformas", CIRIEC - España. Revista jurídica de economía social y cooperativa, ISSN 1577-4430, Nº. 38, 2021, págs. 93-125.

A data de peche desta memoria, temos dous artigos que están sendo avaliados para a súa posible publicación.

3.- Fomento da participación de estudantes universitarios en traballos de investigación ou estudos especializados

3.1. Dirección de Traballos de Fin de Grao

Neste apartado recollemos a oferta de Traballos de Fin de Grao na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e na Facultade de Relacións Laborais, relacionados co estudo do cooperativismo e outras fórmulas de Economía Social:

“Historia do Cooperativismo en Galicia”. Titoras: Emilia Vázquez Rozas e Maite Cancelo.

“Análise da economía social en Galicia”. Titoras: Emilia Vázquez Rozas e Maite Cancelo.

“As fórmulas da Economía Social”. Rafael Millán Caleti

“Fiscalidade empresarial: Réxime fiscal das cooperativas”. Titor: Miguel Ángel Vázquez Taín.

“Aportación económica de Feiraco en la comarca”. Titor: Rafael Millán Calenti.

“Réxime Fiscal de Cooperativas”. Miguel Ángel Vázquez Taín

“Dereitos e Obrigas dos Socios nas Sociedades Cooperativas”. Marina Rodríguez Planes.

“Os Centros Especiais de Emprego en Galicia: perspectiva económica-financeira”. María Bastida Domínguez

“A economía social: Os Centros Especiais de Emprego”. Pilar Expósito Díaz.

4.- Elaboración e mantemento dun repositorio de traballos de investigación publicados ou en curso

Os traballos publicados polos investigadores do CECOOP poden atoparse, sempre que estean dispoñibles, na web do Centro de estudos no apartado Publicacións.

5.- Posta en marcha dun repositorio de investigadores galegos en materia de Economía Social

Fíxose o traballo de análise de investigadores galegos que, actualmente, están traballando en materia de Economía Social e, todos forman parte do directorio de investigadores que CIRIEC-España mantén e que se pode consultar con distintos criterios como Universidade, cidade o país. Dado que este directorio cubriría o obxectivo fixado, é de libre acceso e, que o CECOOP xa ten un repositorio de traballos de investigación e que, deberían ser os propios

investigadores os que soliciten a adscrición ao directorio, se estableceu un link, dende a web do CECOOP para darlle visibilidade.

<http://ciriec.es/directorio-de-investigadores/directorio/>

6.- *Elaboración dun informe sobre a Economía Social en Galicia, co fin de actualizar a principal información recollida no Libro Branco da Economía Social de Galicia publicado no ano 2019*

O Informe sobre a Economía Social en Galicia 2020 na data de peche da memoria está en proceso de impresión. O traballo actualiza a principal información recollida no Libro Branco da Economía Social de Galicia, e do Informe do ano 2019, e se atopará proximamente dispoñible na web do CECOOP en formato pdf. O informe achégase como Anexo 1.

b) Realización de actividades de formación, difusión e divulgación

7.- *Organización de actividades na Universidade de Santiago de Compostela dentro da “II Semana Universitaria de Economía Social” na semana do 04 ao 12 de marzo, organizada polos Centros e Institutos de Investigación adheridos a RED ENUIES*

A “Red Española Interuniversitaria de Institutos y Centros de Investigación en Economía Social” (ENUIES) e CIRIEC-España acordaron que a última semana do mes de febreiro de cada ano dedicárase á celebración da “Semana Universitaria da Economía Social” .

Así, cada centro está a organizar un conxunto de as actividades, en función dos seus obxectivos, recursos e dispoñibilidade: Conferencias, charlas na aula, mesas redondas de entidades, cinema-fóruns, cafés-faladoiro, exposicións, presentacións de libros, presentacións de resultados de proxectos de investigación, feiras, talleres ou formacións específicas, entre outras.

Desde a rede trátase de xerar sinerxias para a comunicación e o impacto destas actividades, así como entre os centros e investigadores participantes, que estaremos a contribuír a unha acción colectiva que beneficiará ao conxunto da Economía Social e á imaxe que este sector ten no ámbito universitario e na sociedade.

O Centro de Estudos Cooperativos da USC, que forma parte da Red ENUIES, elaborou, coa colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria, co sector, coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e co profesorado, un conxunto de actividades a desenvolver englobadas en catro bloques.

Nesta semana tiveron lugar 127 actividades en 26 universidades españolas. En Galicia participaron 33 profesores e profesoras das Universidades de Santiago

de Compostela e Vigo achegando a ES a máis de 1.000 estudantes de Economía, ADE, Dereito, Relacións Laborais, Empresa e Turismo, MBA e Máster DEIN nos campus de Santiago de Compostela, Ourense e Vigo.

O acto central desenrolouse o día 05 de marzo de 2021 ás 12h no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Interviñeron: Covadonga Toca (Secretaria Xeral de Emprego da Xunta de Galicia), Celso Gándara (presidente do Foro Galego pola Economía Social), representantes do Reitor e do Decano e a directora do CECOOP, Maite Cancelo. Neste acto, presentouse o “Informe sobre a Economía Social en Galicia 2019”.

Actividades nas aulas de diversas materias

Desenvolvemento Económico, Estrutura Económica, Economía Política, Historia Económica, Habilidades Directivas, Contabilidade, Dereito e Econometría.

DATAS: do 04 ao 11 de marzo de 2021.

Trátase de dar a coñecer ao estudiantado da Facultade, as diferentes familias da Economía Social desde varias ópticas, en función do marco de cada materia. Os alumnos traballasen con datos, textos e modelos para visibilizar a Economía Social nuns títulos nos que non se conta con materias específicas sobre esta temática

Actividades:

- 1) Definición das entidades de Economía Social e cuantificación en Galicia.

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Desenvolvo Económico e sustentabilidade de 4º do Grao de Economía coa profesora Rosa Regueiro.

- 2) Definición das entidades de Economía Social e cuantificación en Galicia.
Políticas públicas

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Economía Política II: Facenda Pública de 1º do Grao de Dereito co profesor Adrián Dios.

- 3) Definición das entidades de Economía Social e cuantificación en Galicia.
Políticas públicas

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Estutura Económica Mundial de 1º do Grao de Dereito co profesor Adrián Dios.

- 4) A Contabilidade nas entidades de Economía Social

Actividade que se desenvolverá dentro da materia de Introducción á Contabilidade de 1º do Grao de ADE co profesor Raul Canay

- 5) Historia do cooperativismo agrario galego

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Historia do Pensamento Económico de 4º do Grao de Economía co profesor Jaime Barreiro

6) Historia do cooperativismo agrario galego

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Historia Económica da España Contemporánea de 2º do Grao de Economía coa profesora Pilar Freire

7) Políticas públicas en Economía Social en Galicia

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Política Económica de 2º do Grao de ADE coas profesoras Rosario Díaz, Beatriz Valcárcel e Nélica Lamelas.

8) Realización dun modelo econométrico con datos de entidades de Economía Social

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Econometría II de 3º do Grao de Economía coa profesora Isabel Neira

9) Realización dun modelo econométrico con datos de entidades de Economía Social

Actividade que se desenvolverá dentro da materia Econometría II de 3º do Grao de Economía coas profesoras Pilar Expósito, Isabel Neira e Emilia Vázquez Rozas.

10) Dereito cooperativo

Actividade que se desenvolveu dentro da materia Dereito da Empresa en 1º do Grao de ADE co profesor Rafael Millán. O Traballo de nas cooperativas de Traballo Asociado

Nas materias de Dereito do Traballo I, e II. Profesoras: Alicia Villalba, Isabel Espín e Consuelo Ferreiro. Facultades de Dereito e Relacións Laborais.

11).A Economía Social como alternativa ás fórmulas tradicionais de empresa

Profesores: M. José Cabaleiro e Carlos Iglesias Malvido. Universidade de Vigo

12) Charla-coloquio sobre os Montes en Man Común e a enerxía eólica.

Profesor Xavier Martínez Cobas. Universidade de Vigo

13) Chalar no programa universitario de maiores do campus de Ourense sobre Economía Social. Profesor: Alberto Vaquero.

8.- Participación, en coordinación co CIRIEC, a Consellería de Emprego e Igualdade e outras entidades, na organización de seminarios, xornadas e outras actividades

Participación da directora do CECOOP nas seguintes actividades:

Xornada organizada polas Mulleres de Seu no Día Internacional da Muller, o 8 de marzo de 2021.

Presentación da candidatura de Espazocoop para o Premio Fulget 2020 convocado pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela.

Curso de extensión universitaria: Estratexias para o desenvolvemento do medio rural: unha visión dende a Economía Social. Ponencia: “O cooperativismo en Galicia e a súa contribución ao medio rural” o 2 de setembro de 2021 na Facultade de Empresa e Turismo do campus de Ourense da Universidade de Vigo. Neste curso tamén participou a investigadora do CECOOP María Bastida.

Xornada sobre Economía Social organizada polo Consello Económico e Social de Galicia o 18 de outubro de 2021. Participación coa ponencia “A contribución da Economía Social Galega”. <https://www.youtube.com/watch?v=NDIWFCpmkD4>

9.- Colaboración de actividades estatísticas en materia de economía social

Elaboración dun informe sobre o estado das estatísticas en materia de economía social para presentar ao Director do Instituto Galego de Estatística e a Consellería de Emprego e Igualdade, co obxecto de sensibilizar acerca da problemática das mesmas de cara a unha cuantificación máis axeitada da aportación económica do sector en Galicia. Achégase como Anexo 2.

10.- Impulso e coordinación de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.

A situación de pandemia e a situación de semi-presencialidade nas aulas fixo máis complexo organizar actividades de impulso de actividades da Rede Eusumo dentro da Universidade. En calquera caso, si hai un compromiso de sistematizar estas actuacións coa Consellería e a Rede de cara ao próximo ano.

c) Promoción do coñecemento xurídico e actualización normativa

11.- Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que se actualizará cunha periodicidade mínima mensual.

Resumo sentencias cooperativas 2021

- Sentencia del Tribunal Supremo (Civil), sec. 1ª, S 27-04-2021, nº 229/2021, rec. 3364/2018:

El TS entiende que la comunicación al socio prevista en el art. 17.2 de la Ley de Cooperativas es recepticia y que la sociedad debe asegurarse de que el socio recibe la comunicación. Por ello considera que el plazo de formalización del acuerdo de calificación de la baja se refiere tanto a la adopción del acuerdo como a la recepción de su notificación.

- Sentencia del Tribunal Supremo (Civil), sec. 1ª, S 29-03-2021, nº 173/2021, rec. 4876/2017:

Afirma el Tribunal Supremo que en este caso la decisión de rescindir la relación contractual por la que optaron los cooperativistas, dándose de baja de la cooperativa tal y como les facultaban sus estatutos, con reintegro de sus aportaciones, no obedeció a una voluntad contraria a la adquisición de la vivienda, sino exclusivamente a la circunstancia de que la construcción no solo no había finalizado en plazo sino que ni tan siquiera había comenzado a iniciarse casi trece años después de constituirse la cooperativa, casi diez desde que se prestó el aval y casi ocho años después de que los propios cooperativistas firmaran su incorporación a la misma e hicieran sus primeras aportaciones.

Argumenta el alto tribunal que la baja, en la fecha en que se comunicó, estaba plenamente justificada porque los estatutos vigentes en ese momento y desde principios de 2014 aludían como motivo justificado a los previstos en el art. 137.2, apdo c) LCoopCLM 2010, también aplicable por razones temporales, según el cual "2. Son causas de baja justificada de los socios de las cooperativas de vivienda, además de las generales previstas en esta Ley y en los estatutos... c) un retraso injustificado en la entrega de las viviendas que supere los treinta meses a la fecha prevista por la cooperativa o en todo caso que hubiera transcurrido al menos cinco años desde que el socio se inscribió en la cooperativa o en su caso en la promoción [...]".

Además, razona que el incumplimiento de la cooperativa no podía justificarse por la circunstancia de que el suelo estuviera pendiente de urbanizar, pues además de que esta tuvo que ser conocida por la entidad garante cuando prestó el aval, se trata de una circunstancia que para la jurisprudencia no puede operar en perjuicio de los cesionarios de viviendas en construcción.

Y en relación con la garantía dice que, el avalista responde frente al cesionario de la vivienda, como lo haría el promotor, de la devolución de las cantidades anticipadas por aquel a cuenta del precio si el promotor no cumple su obligación de entrega efectiva.

- Sentencia de la Audiencia Provincial de A Coruña, sec. 6ª, S 25-02-2021, nº 32/2021, rec. 139/2020:

En esta sentencia destaca la Audiencia que en el proceso concursal se aprobó la venta de la unidad productiva a la nueva cooperativa integrada en su mayor parte por los mismos socios que la cooperativa declarada en concurso. A consecuencia de ello, no sólo se transmitieron libres de cargas y gravámenes los bienes y derechos que formaban parte de la unidad productiva, sino que también

se acordó por el juez del concurso la cesión a la adquirente de todos los contratos, licencias urbanísticas y calificación VPA.

Como la nueva cooperativa se ha subrogado en la posición de la anterior y ha terminado la obra y adjudicado a la demandante el piso, un trastero y dos plazas de garaje, las cantidades anticipadas se destinaron a la promoción y en dicho contexto, la estimación de la demanda con el reintegro de las cantidades anticipadas, conllevaría un enriquecimiento sin causa.

Y obiter dicta deja sentado que en relación con la cuestión referida a si dentro del concepto de anticipos no sólo se han de incluir las cantidades abonadas en efectivo, sino también los créditos cedidos y reconocidos, entiende la audiencia que sólo podría tener encaje dentro de dicho concepto las primeras porque la ley habla expresamente de "entregas de dinero" (disposición adicional primera Ley 3/89 o artículo 122 Ley de Cooperativas de Galicia).

- Sentencia de la Audiencia Provincial de Ourense, sec. 1ª, S 08-01-2021, nº 8/2021, rec. 851/2019:

En esta sentencia se aborda la problemática de la baja de un socio en una cooperativa que da pérdidas y su incidencia en la cantidad a reembolsar al socio. Y afirma la Audiencia, con cita de otras sentencias, que respecto de los socios que solicitan la baja en la cooperativa, ha de aplicarse un criterio de liquidación, tomando en consideración que el capital que el socio aporta a la cooperativa es un capital de riesgo, que puede disminuir o incluso desaparecer como consecuencia de la imputación de las pérdidas de la cooperativa, hasta el punto de que el importe de la liquidación del reembolso resultara deudor para el socio. Concluye que las pérdidas existentes en la cooperativa han de deducirse de las aportaciones que se reembolsan obteniéndose un resultado, y ese resultado de la liquidación fue apreciado teniendo en cuenta un informe pericial elaborado por economista.

- Sentencia de la Audiencia Provincial de Pontevedra, sec. 1ª, S 24-02-2021, nº 117/2021, rec. 919/2020:

En esta sentencia se aborda un procedimiento sancionador a un cooperativista, y afirma la Audiencia que los acuerdos de incoación no son recurribles, afirmando que las posibles anomalías procedimentales podrán hacerse valer en la impugnación que pudiera plantearse respecto del eventual acuerdo sancionador, pero no respecto de una resolución que se limita a incoar el expediente y dar traslado para alegaciones.

Así mismo considera que no es necesario interponer un recurso ante el Comité de Recursos, como trámite previo obligatorio a la impugnación del acuerdo en vía judicial, porque dicho trámite es puramente potestativo, como se desprende del tenor literal del art. 25.3 in fine LCG, en relación con el art. 52.3 del mismo cuerpo legal.

12. Mantemento dun sistema permanente de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas así como os principais países europeos de referencia, acerca das novidades normativas, con análise dos principais aspectos que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.

A actividade normativa analizada no ANEXO 3, correspondente ao ano 2021, está fortemente influenciada pola irrupción da COVID-19. A pandemia deixa así unha pegada indeleble nas novidades normativas de ámbito nacional. En concreto, as tres normas abordadas (Real Decreto-lei 8/2021, de 4 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes no orde sanitaria, social e xurisdiccional, a aplicar trala finalización da vixencia do estado de alarma declarado polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2; Lei 2/2021, de 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e Real Decreto-lei 2/2021, do 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas sociais en defensa do emprego) deparan ás sociedades cooperativas medidas excepcionais en virtude das cales poderán facer fronte ás consecuencias económicas derivadas da aplicación das medidas de contención necesarias para conter a propagación do virus SARS-CoV-2. A súa aplicación no ámbito galego xustifica que a análise das mesmas se circunscriba ao contraste entre o texto derogado e o introducido pola norma, comentándose a repercusión dos principais aspectos contidos na reforma.

Unha vez abordada esta normativa estatal, procede facer fincapé na de ámbito autonómico, onde é posible diferenciar as medidas de carácter conxuntural, impulsadas pola necesidade de paliar as consecuencias económicas derivadas da COVID-19, daquelas con vocación estrutural, aprobadas para adaptar o funcionamento das sociedades cooperativas ao novo ecosistema dixital, incrementando, asemade, a axilidade e eficiencia no seu funcionamento interno. Entre as primeiras, destaca a Lei galega 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativa; o Decreto-lei catalán 7/2021, de 9 de febreiro, de medidas extraordinarias en materia de cooperativas, empresas e entidades da economía social como consecuencia da crisis derivada da COVID-19 e de modificación do Decreto-lei 16/2020, de 5 de maio, de medidas urxentes complementarias en materia de transparencia, axudas de carácter social, contratación e mobilidade para facer fronte á COVID-19; o Decreto-lei andaluz 1/2021, do 1 de xuño, polo que se establecen medidas extraordinarias para paliar a perda de rendas das persoas traballadoras por conta propia ou autónomas do sector de feirantes, para o apoio económico do servizo de atención infantil temperá, así como para a flexibilización de horarios comerciais dos municipios turísticos de Andalucía, e adóptanse medidas excepcionais relativas ás convocatorias e reunións dos órganos sociais das sociedades cooperativas andaluzas. Entre as segundas, cómpre mencionar a Lei de Medidas Fiscais e Administrativas de Cantabria 2021; a Lei catalana 18/2020, de 28 de decembro, de facilitación da actividade económica; a Orde do 5 de marzo de 2021, da Consellería de Economía, Emprego e Competitividade, pola que se habilita a

legalización telemática dos libros obrigatorios das cooperativas no Rexistro de Cooperativas da Comunidade de Madrid e o Decreto 149/2021, do 27 de abril, polo que se modifica o Decreto 123/2014, do 2 de setembro, e o Regulamento da Lei 14/2011, do 23 de decembro, de Sociedades Cooperativas Andaluzas, aprobado polo devandito decreto. Cabería incluír tamén entre as reformas con vocación estrutural as introducidas pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Ao comentario dos aspectos máis relevantes das normas de ámbito galego, das cales tamén se exporá un contraste entre os texto derogados e os texto en vigor, engadirase unha análise comparada da restante lexislación autonómica coa galega, a fin de extraeras innovacións que puideran resultar de maior relevancia.

En resumo, as novidades legislativas que se produciron no ano 2021 son as seguintes:

Reforma da Lei de Cooperativas de Cantabria. A lei 12/2020, de 28 de decembro, de Medidas Fiscais e Administrativas, introduce a posibilidade de que o órgano de goberno e representación sexa un administrador único, ao cal se lle aplicará o mesmo réxime xurídico que o previsto para o Consello Reitor.

Reforma da Lei de Cooperativas de Galicia. A lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas modificou da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, concretamente os puntos 1,2 e 3 do artigo 35, o número 8 do artigo 36, o número 1 do artigo 39, engade unha disposición adicional décima e asemade outra undécima. Esta reforma vai encamiñada a facilitar a participación das persoas socias nas reunións de forma segura dadas as circunstancias de emerxencia sanitaria e pandemia, habilitándose medios telemáticos, designación de representantes, asembleas de delegados ou celebrar as asembleas en localidades próximas que contén con instalacións máis axeitadas para garantir as reunións seguras. Destaca tamén que ata o 31 de decembro de 2021, as asembleas xerais quedarán validamente constituídas en segunda convocatoria sen esixencia de quórum mínimo. Asemade, aquelas asembleas que tiveran que realizarse dende o 14 de marzo de 2020 pero que non puideran celebrarse por mor da pandemia, poderán celebrarse ata o día 31 de decembro de 2021, e os cargos sociais entenderanse prorrogados ata a citada data, sen prexuízo de prórroga ou renovación.

Lei 2/2021, de 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Esta lei inclúe unha disposición final cuarta, que posibilita que ata o 31 de decembro de 2020 e durante o ano 2021 as reunións de consello reitor e a celebración de asembleas de cooperativas se fagan de forma telemática e que en elas poida votarse por escrito.

O Real Decreto-lei 8/2021, de 4 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes no orde sanitario, social e xurisdiccional, a aplicar trala finalización da vixencia do estado de alarma declarado polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo

que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que introduce unha flexibilización temporal do uso do Fondo de educación e promoción das cooperativas coa finalidade de paliar os efectos da COVID-19.

O Decreto-lei 7/2021, de 9 de febreiro, de medidas extraordinarias en materia de cooperativas, empresas e entidades da economía social como consecuencia da crisis derivada da COVID-19 e de modificación do Decreto-lei 16/2020, de 5 de maio, de medidas urxentes complementarias en materia de transparencia, axudas de carácter social, contratación e mobilidade para facer fronte á COVID-19. Esta norma da Comunidade Autónoma de Cataluña prorroga as medidas extraordinarias adoptadas por Decreto lei 47/2020, de 24 de novembro ata o 31 de decembro de 2022, e logo establécense prórrogas e novas datas máximas de celebración de asembleas para aprobar contas e renovar cargos. As medidas extraordinarias adoptadas no Decreto 47/2020 versan fundamentalmente sobre a facilitación de celebración de asembleas e reunión de Consello Reitor en condicións seguras, para o cal se posibilitan delegacións de votos ou celebración telemática, e asemade se prevé a prórroga de cargos.

d) Dotación material

13.- Adquisición de bibliografía especializada.

Este ano dotouse para a Biblioteca da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, das seguintes publicacións, para o uso tanto dos investigadores galegos como dos estudantes da USC:

- "CIRIEC-España, Revista de Economía Social y Cooperativa"
- "CIRIEC-España, Revista Jurídica de Economía Pública, Social y Cooperativa"
- Revista "Estudios de Economía Aplicada" da asociación científica ASEPELT

14. Mantemento e actualización da web da CECOOP e a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos fins do CECOOP

Neste apartado figura o abono do webmaster - a USC non se fai cargo da páxina web do CECOOP, aínda que se sitúe enlazada na páxina web oficial da Universidade -, e de mantemento e consumibles dos ordenadores, impresoras e cables de conexión para compatibilizar os ordenadores coas instalacións da facultade de CCEE e de Dereito. Inclúense tamén os gastos de actualización de software e mantemento de equipos utilizados polos investigadores do CECOOP.

A páxina web recolle as publicacións do CECOOP, así como os relatorios de interese elaborados por investigadores do CECOOP ou por participantes en mesas, seminarios ou xornadas celebradas con arranxo aos convenios de colaboración.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2021

